

**CONCELLO
DE VIGO**



**Área de Goberno de
Seguridade, Contratación,
Festas e Xestión Municipal**

**Área de RRHH e
Formación**

**CONVOCATORIA PÚBLICA ABERTA A OUTRAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
PARA A PROVISIÓN CON CARÁCTER TEMPORAL E URXENTE EN COMISIÓN DE
SERVIZOS DO POSTO SUBXEFE/A DO SERVIZO EXTINCIÓN DE INCENDIOS.
(EXPTE. 42583-220)**

A Concelleira da Área de goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, o 6 de setembro de 2023, adoptou o seguinte decreto:

“PRIMEIRO.- Declarar deserta a convocatoria para a provisión temporal en réxime de comisión de servizos do posto de traballo vacante “Subxefe/a Servizo Extinción de Incendios”.

SEGUNDO.- Declarar de oficio a finalización do procedemento administrativo iniciado no expediente 42583-220 e proceder ao arquivo do expediente.

TERCEIRO.- Notificar a presente aos/ás interesados/as, D. Cabaleiro Novelle, con DNI nº **00059**, J.R. Sánchez Feijoo, con DNI nº **95768**, B. Martínez de Sousa, con D.N.I. nº **14176**, G. Fernández Costa, con D.N.I. nº **13466**, M.I. Cabeza Pereiro, con D.N.I. nº **11467**, ao persoal técnico de RRHH, Titular da Asesoría Xurídica Municipal, Secretaría Xeral (Pleno e Xunta de Goberno Local) e Intervención Xeral Municipal para coñecemento e efectos.

Contra a presente resolución, e de conformidade co previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo, poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da publicación, ou ben, directamente recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1198, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se se interpón o primeiro, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.”

Vigo, na data de sinatura electrónica

A xefa da Área de Recursos Humanos e Formación.- María Dapena Gómez.